



BORRADOR DO GUIÓN MARCO #3 FORMA DE GOBERNO

13 DE XANEIRO DE 2015

1. INTRODUCCIÓN

Vivimos un tempo de emerxencia social que demanda un esforzo extraordinario de unidade e audacia. Nada do que hai nos serve para combater as políticas ditadas polas elites e o poder económico. Hai que ir máis alá se queremos rescatar a democracia e poñer de novo as institucións ao servizo da maioría social. É a hora do protagonismo da xente.

Por iso a Marea Atlántica propuxo, no seu manifesto fundacional, construír un espazo de confluencia no que caibamos todos e todas. Superar as ferramentas que non funcionaron no pasado. Ir máis alá das sopas de siglas e as pactos cosméticos entre forzas políticas. Porque hai que gañar e transformar a sociedade e as institucións.

Agora tócanos decidir como queremos gobernar a nosa cidade nos vindeiros catro anos, tendo en conta o compromiso irrenunciábel da Marea Atlántica: servir de ferramenta para que este goberno sexa o de todos os veciños e todas as veciñas da Coruña. Un goberno que obedeza á cidadanía, transparente, participativo e obrigado a render contas.

2. CRITERIOS

- Democracia como exercicio cotián
- Información e transparencia
- Auditoría cidadá
- Democracia directa, deliberativa e participativa
- Rendición de contas
- Revogación de cargos
- Fomento da participación e das políticas de igualdade

3. PREGUNTAS

* As preguntas con asterisco son de obrigada resposta

Bloque electoral

1. Forma xurídica de presentación ás eleccións

- a. Con que forma xurídica debe presentarse a Marea Atlántica ás eleccións?*
- b. Que consecuencias debe ter esta forma xurídica con respecto á toma de decisións dentro do grupo municipal?
- c. Que consecuencias debe ter esta forma xurídica con respecto á administración dos recursos propios do grupo municipal?

2. Financiamento da campaña electoral

- a. Como se financiará a campaña electoral?*
- b. Que achegas (tipo e orixe) está disposta a aceptar a Marea Atlántica?*
- c. En que tipo de entidade se depositarán os fondos?

3. Pactos de goberno municipal

- a. Debería nalgún caso a Marea Atlántica apoiar candidatos/as á Alcaldía doutras forzas políticas?*
- b. Debería a Marea Atlántica negociar o apoio de concelleiros/as doutras listas electorais para alcanzar a Alcaldía no caso de ser necesario?*
- c. Baixo que condicións se poderían realizar estes pactos?
- d. Como e quen decidiría en última instancia os posíbeis pactos de goberno posteriores ás eleccións?

4. Posición da Marea Atlántica no ámbito supramunicipal

- a. Que relación debe establecer a Marea Atlántica con outros procesos municipalistas no noso país?
- b. Debe a Marea Atlántica buscar fórmulas para acceder á Deputación da Coruña se a súa forma xurídica o permite?
- c. Debe a Marea Atlántica buscar na Deputación Provincial alianzas que faciliten unha maioría alternativa ao PPSOE?
- d. Baixo que criterios se realizará a agregación, no seu caso, para a Deputación Provincial?
- e. Como se decidirán os pactos (de os haber) neste ámbito?

Bloque de goberno

5. Relación do Grupo Municipal coa Marea Atlántica

- a. Como se relaciona o Grupo Municipal coa Marea Atlántica tralas eleccións de maio?*
- b. Diante de que outras instancias cidadás debe responder o grupo municipal?

6. Estrutura do grupo municipal

- a. Con que principios se organizaría o labor do grupo municipal ou, no seu caso, do goberno municipal da Marea Atlántica?
- b. Quen tería a responsabilidade de organizar este labor?
- c. Como se tomarían as decisións?
- d. Que formación en materia de igualdade e xénero deberían ter ou adquirir tanto o grupo municipal da Marea Atlántica coma o seu equipo técnico?*

7. Revogación de mandatos

- a. Como será o procedemento de revogación de mandatos dos concelleiros/as da Marea Atlántica?*
- b. Quen propón a revogación?*
- c. Quen debe aprobala?*

8. Rendición de contas

1. Que sistema de rendición de contas se define para os cargos electos da Marea Atlántica?*
2. Diante de que instancia e con que periodicidade se realizará este rendemento de contas?

9. Participación cidadá

- a. Que mecanismos de participación cidadá no goberno (democracia participativa, democracia deliberativa e democracia directa) poderían contemplarse?
- b. Que institucións e procedementos se crearán para permitir estes niveis de participación?
- c. Cal é a función dos órganos da Marea Atlántica no goberno da cidade?

10. Contratación Pública

- a. Que criterios de responsabilidade social se terán en conta para a contratación pública?*

11. Transparencia

- a. Que mecanismos de transparencia articulará a Marea Atlántica?*
- b. De que maneira disporá a cidadanía de información?
- c. Que tipo de información se fará pública?
- d. Deben ser públicas ás contas da Marea Atlántica? Onde deben facerse públicas? E en tal caso, con que periodicidade?*
- e. Debe ser pública a axenda do equipo municipal?